



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Camíño Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tlf.: 881.938.159 Fax: 81.938.170
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web: www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS



IES TERRA DE TRASANCOS

CURSO 2019/20



Índice

INTRODUCCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
MISIÓN, PRINCIPIOS E VALORES DO CENTRO:.....	5
ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO.....	5
SITUACIÓN.....	6
DISTRIBUCIÓN DO CENTRO.....	6
OFERTA EDUCATIVA NO CENTRO.....	6
ALUMNADO E FAMILIAS.....	7
MARCO LEGAL.....	7
PROXECTO CURRICULAR PARA OS CURSOS DE CURRÍCULO LOMCE NA ESO.....	9
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO... .	9
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ÁREA DE MATEMÁTICAS NA ESO.....	14
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	15
MATEMÁTICAS - 1º ESO.....	16
Obxectivos.....	16
Contidos.....	17
Estándares de aprendizaxe avaliáveis:.....	17
Criterios de cualificación.....	25
MATEMÁTICAS - 2º ESO.....	28
Obxectivos.....	28
Contidos.....	28
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	29
Criterios de cualificación.....	36
ÁMBITO CIENTÍFICO MATEMÁTICO - 3º ESO PMAR.....	38
Obxectivos.....	38
Contidos.....	38
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	38
Criterios de cualificación.....	38
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS APLICADAS - 3ºESO.....	40
Obxectivos.....	40
Contidos.....	41
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	41
Criterios de cualificación.....	48
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS - 3º ESO.....	51
Obxectivos.....	51
Contidos.....	52



Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	52
Criterios de cualificación.....	60
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS - 4º ESO.....	63
Obxectivos.....	63
Contidos.....	63
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	64
Criterios de cualificación.....	70
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS ACADÉMICAS - 4ºESO.....	72
Obxectivos.....	72
Contidos.....	73
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	73
Criterios de cualificación.....	80
PROGRAMACIÓN – 1º ESO.....	82
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave na ESO.....	82
Concrecións metodolóxicas.....	82
Materiais e recursos didácticos.....	83
Obxectivos.....	83
Contidos.....	84
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	84
Criterios de cualificación.....	86
PROXECTO CURRICULAR PARA OS CURSOS DE CURRÍCULO LOMCE NO BACHARELATO.....	88
CONTRIBUCIÓN XERAL AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NO BACHARELATO.....	88
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ÁREA DE MATEMÁTICAS NO BACHARELATO.....	90
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE UTILIZARÁN.....	93
MATEMÁTICAS I - 1º BACHARELATO.....	94
Obxectivos.....	94
Contidos.....	94
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	95
Criterios de cualificación.....	102
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CC.SS. I – 1º BACHARELATO.....	105
Obxectivos.....	105
Contidos.....	106
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	106
Criterios de cualificación.....	113
MATEMÁTICAS II – 2º BACHARELATO.....	115



Obxectivos.....	115
Contidos.....	115
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	116
Criterios de cualificación.....	122
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II – 2º BACHARELATO...	125
Obxectivos.....	125
Contidos.....	125
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	126
Criterios de cualificación.....	132
MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS - 2º BACHARELATO.....	133
Obxectivos.....	133
Contidos.....	133
Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	133
Criterios de cualificación.....	136
CONSIDERACIÓNS COMÚNS A TODOS OS CURSOS.....	138
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	138
ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	138
AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS.....	140
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	140
ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	141
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO ERASMUS "CHALLENGING EXTREMISMS"....	142
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	142
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	142
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	143
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	143
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	143
MECANISMOS DE REVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	145
MEMBROS DO DEPARTAMENTO.....	147



INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

MISIÓN, PRINCIPIOS E VALORES DO CENTRO:

O noso centro é un centro relativamente pequeno, creemos na tolerancia, no traballo cooperativo, fomentamos a igualdade entre mulleres e homes e o uso da nosa lingua propia nas diferentes actividades que realizamos no centro.

A nosa liña educativa está encamiñada a erradicar calquera tipo de discriminación por razón de sexo. Fomentárase e darase prioridade a cantas accións estean encamiñadas á dita erradicación.

A educación que impartimos é respectuosa coas conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas do alumnado e coas diferenzas culturais dos mesmos, non adoutrinando ao alumnado e rexeitando todo tipo de dogmatismo e sendo respectuoso coa liberdade de opinión de todos os membros da comunidade educativa.

No centro manifestamos o respecto polo uso das dúas linguas oficiais en Galicia, dándolle prioridade ao galego na vida administrativa, nas relacións coa comunidade e no labor académico, a partir das pautas fixadas pola administración educativa, como medio máis eficaz de lograr a igualdade real entre as dúas linguas, e de contribuír dese xeito á súa normalización.

Alén disto, o centro cumpre a normativa vixente en cada momento.

O proxecto que presento pretendo que sexa un proxecto flexible, participativo e en continua e permanente mellora. Dende a miña experiencia os centros funcionan mellor cando a transparencia da información, a motivación, a asunción de responsabilidades tanto nos acertos e os erros e a búsqueda da participación e o consenso están presentes en toda a actividade educativa, ademais buscaremos a implicación directa do profesorado, alumnado, pais nas tarefas de programación, execución e control da actividade escolar. Para levar a cabo isto os canais de comunicación deberán estar sempre abertos, e buscaremos a integración do Concello participando nas actividades que nos propoñen e colaborando cos distintos organismos do mesmo.

En xeral, gustaríame continuar o traballo emprendido este ano, seguir dándolle proxección ao centro e que se converta nun referente para os centros de Narón como exemplo de superación das dificultades, entusiasmo, traballo en equipo e apostando por un ensino que garanta a igualdade de oportunidades para todos, na que o alumno se converta no centro do ensino.

En resume: Conseguir un centro de persoas formando persoas.

ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO

SITUACIÓN

O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón (A Coruña) de titularidade pública. Atópase no lugar de Camiño Real S/N e o acceso principal ao centro resólvese dende a Estrada de Cedeira. A distancia do IES aos núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos, fai que estes utilicen para o acceso ao centro transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos, transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante na actividade do centro, pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas proximidades.

Os rapaces adscritos ao noso centro proveñen a súa maioría do CEIP Gándara e en menor medida do CPR Santiago Apostol e do CEIP Jorge Juan.

DISTRIBUCIÓN DO CENTRO

O centro ocupa unha parcela de aproximadamente 14.000 m². en dous edificios independentes en torno a un espazo central aberto e pista polideportiva. O edificio principal está ocupado por aulas, departamentos, a administración e outros locais secundarios, servindo de acceso principal ás instalacións do centro. A través deste edificio chegamos a outro menor, onde atopamos un taller de Tecnoloxía e dous de Electrónica ademais dunha aula de Informática no piso superior.

O centro dispón dun Ximnasio, pero as clases de educación física impártense, a maior parte das veces, entre o polideportivo municipal As Lagoas e no Ximnasio do instituto.

Os edificios sinalados dispoñen de espazos abertos e cubertos, nunha superficie aproximada de 350 metros cadrados.

OFERTA EDUCATIVA NO CENTRO

O centro imparte os seguintes ensinós:

- Educación Secundaria Obrigatoria. Comprende catro cursos, con alumnos entre doce e dezaseis anos de idade. O noso obxectivo fundamental nestes cursos é que os alumnos e alumnas adquiren os elementos básicos da cultura; formalos como cidadáns responsables; desenvolver hábitos de estudo e de traballo e preparamos para a súa incorporación a estudos posteriores. Alén disto a atención á diversidade nesta etapa supón un principio fundamental para nós.

- Formación Profesional Básica. Impártense no noso centro dúas modalidades de Fp Básica: Comercio e Electrónica. O noso principal obxectivo é que os rapaces que participan neste programa alcancen a preparación e titulación que lles abra as portas a outros estudos superiores.

- Bacharelato. Comprende dous cursos, entre os dezaseis e



dezaoito anos de idade. No noso centro, impártense dúas modalidades de Bacharelato: o Bacharelato de Ciencias e o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. Nesta etapa intentamos que a oferta sexa adecuada para a educación posterior que os alumnos van realizar.

- Ciclos Formativos. Ofértanse os Ciclo Medio de Xestión Administrativa e o Ciclo Superior de Administración e Finanzas. O nos obxectivo é que os alumnos alcancen a capacitación necesaria para incorporarse ao mundo laboral, ademais fomentamos as prácticas no estranxeiro para os alumnos de Ciclo Superior participando no programa Erasmus +.

ALUMNADO E FAMILIAS

Os alumnos do centro proceden, maioritariamente, dun entorno urbano, o idioma que empregan nas súas relacións interpersoais é o castelán, aínda que empregan tamén o galego sen dificultade.

A relación coas familias é, en xeral, moi boa mantendo unha comunicación fluída co centro.

O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) utilizado como elemento definitorio do contexto dos centros sitúanos nun nivel medio.

MARCO LEGAL

Esta programación está estruturada conforme ás instrucións recollidas na resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG do 29 de xullo de 2015), no seu artigo 13, relativo a programacións didácticas.

Todos os elementos incluídos nas citadas instrucións son recollidos na redacción deste documento, pero non presentados na orde estritamente literal que figura alí, senón optimizando a brevidade e claridade a expositiva.

- Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)



- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria e do bacharelato
- Orde ECD/65/2015 pola que se describen as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na educación primaria, a educación secundaria obrigatoria, e o bacharelato
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Real Decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan as instrución para o curso académico 2015-2016

Este Departamento, respondendo ao principio de autonomía pedagóxica, de organización e xestión dos centros educativos, adoptará medidas organizativas e curriculares de xeito que a programación didáctica se adecúe ás características do alumnado e ás posibilidades reais do centro (medios tecnolóxicos, recursos humanos e aulas dispoñibles para a creación de grupos de reforzo, etc...).

Polo que ás características do alumnado se refire, o campo de extensión do centro IES Terra de Trasancos é parte do Concello de Narón no caso da ESO, mentres que en Bacharelato temos alumnado dos concellos veciños de Valdoviño e San Sadurniño, convivindo alumnado procedente do medio urbano (principalmente) con alumnado do medio rural. En todo caso, o entorno socioeconómico catalógase de "medio-baixo".

Unha consecuencia do antedito son as dificultades dunha parte do alumnado para acadar os niveis mínimos de coñecementos axeitados ó curso no que se atopan.

É un obxectivo prioritario desde Departamento paliar a situación de desmotivación e abandono da materia.

PROXECTO CURRICULAR PARA OS CURSOS DE CURRÍCULO LOMCE NA ESO.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO

Segundo o decreto 86/2015, do 15 de Xullo, a materia contribúe á consecución das sete competencias clave recollidas na normativa: comunicación lingüística (CCL), matemática e básica en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), dixital (CD), aprender a aprender (CAA), sociais e cívicas (CSC), sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Por outra banda, segundo a orden ECD/65/2015 do 21 de Xaneiro de 2015, o desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave, de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas.

O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia, facilitando a avaliación competencial do alumnado.

A continuación, describiremos como a área de matemáticas contribúe ás competencias clave, e que estándares xenéricos hai asociados a cada unha das competencias. Esta descrición é xeral e común a todas as materias e niveis contemplados nesta programación.

Posteriormente para cada materia e nivel específico, este perfil competencial pode extraerse das táboas de concreción detalladas para cada unha das materias do Departamento, que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sostibilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Dende a área de Matemáticas traballaremos en todos os cursos e materias fundamentalmente, cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Toma conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.



- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexa os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ó noso arredor.
- Manexa a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identifica e manipula con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplica os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realiza argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplica as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación Lingüística (CCL):

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non solo recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Comprende o sentido dos textos escritos.
- Capta o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresa oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.
- Utiliza os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Produce textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.



Competencia dixital (CD):

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital.

Desde área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Emplea distintas fontes para a busca de información.
- Selecciona o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elabora e publica información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprende as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexa ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualiza o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Aprender a aprender (CAA):

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a acadar as metas de aprendizaxe propostas e, con eso, que se produza nel unha percepción de autosuficiencia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Identifica potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplica estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico,



emocional, interdependente...

- Desenvolve estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planifica os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Segue os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avalía a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Toma conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias Sociais e cívicas (CSC):

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade –entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa–, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

Desde a área de Matemáticas traballaremos fundamentalmente cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostra dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desempeño das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente a base de outras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.



Desde a área de Matemáticas traballaremos fundamentalmente cos seguintes estándares xenéricos asociados a esta competencia:

- Optimiza recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asume as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- É constante no traballo superando as dificultades.
- Dirime a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Prioriza a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xera novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimiza o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Conciencia e expresións culturais (CCEC):

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ó dominio daquelas outras relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Dende a área de Matemáticas traballaremos fundamentalmente cos seguintes estándares de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Avisa respecto ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elabora traballos e presentacións con sentido estético.



CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ÁREA DE MATEMÁTICAS NA ESO

O proceso de ensinanza-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos realicen novas aprendizaxes por si sos.
- Favorecer situacións nas que os alumnos deban actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.
- Facilitar a integración e interconexión das aprendizaxes das distintos bloques curriculares para o desenvolvemento conxunto das competencias clave.
- Incorporar materiais curriculares motivadores.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- Elaboración dunha avaliación inicial que permita establecer un punto de partida e unha detección precoz das necesidades do alumnado.
- Metodoloxía activa, que supón a integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes, e a participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza/aprendizaxe.:
- As matemáticas serán presentadas como un conxunto de coñecementos e procedementos en continua evolución, resaltando os aspectos indutivos e construtivos, e non só os dedutivos. É dicir, na aprendizaxe reforzase o uso do razoamento empírico indutivo en paralelo co uso do razoamento dedutivo.
- Motivación, que implica partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas de cada un. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo
- Realización de actividades de aprendizaxe integradas, orientadas a estándares correspondentes a distintos bloques e enfocadas á



interdisciplinabilidade:

- O profesor introducirá os novos conceptos a partir da realidade cotiá do alumnado, conectando cos saberes adquiridos noutros cursos ou materias, para posteriormente formalizalos matematicamente e proceder á realización das actividades necesarias para a consolidación das novas aprendizaxes.
- Recolleita de información doutras fontes (webs ou bibliografía), e a utilización ferramentas técnicas específicas para a realización de cálculos, gráficos, ou presentacións xeométricas (follas de cálculo, Geogebra).
- Atención á diversidade do alumnado, que supón ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses e motivacións.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material elaborado polo profesorado do Departamento.
- Fotocopias de actividades deseñadas polo Departamento.
- Calculadora científica.
- Ordenadores (das Aulas Abalar, ou doutras aulas de Informática do Centro)
- Software informático: folla de cálculo, Geogebra,...
- Uso de recursos educativos en internet:
- Apuntes de cidead: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/index_mat.htm
- Unidades didácticas online: <http://cedec.ite.educacion.es/>
- Apuntes de outras webs: amolasmates, vitutor,...
- Material de xeometría do departamento.
- Instrumentos de debuxo (regra, compás, escuadra e cartabón, transportador de ángulos, papel milimetrado).



MATEMÁTICAS - 1º ESO

Obxectivos

As matemáticas deste curso contribuirán ó logro dos obxectivos xerais da ESO a través dos obxectivos específicos seguintes:

- Incorporar os números negativos ó campo numérico coñecido.
- Iniciar o estudo das relacións de divisibilidade e de proporcionalidade, incorporando os recursos que ofrecen á resolución de problemas aritméticos.
- Operar con números naturais, enteiros, fraccións, e decimais para resolver situacións problemáticas da vida cotiá tendo en conta a xerarquía das operacións.
- Obter o resultado de operación sinxelas (con números enteiros, fraccións e decimais) empregando o cálculo mental e escrito.
- Calcular porcentaxes en situacións de rebaixas e incrementos de prezos ou outras situacións da vida cotiá.
- Observar a necesidade de dar o valor exacto ou aproximado dun resultado como unha forma de diversidade e susceptibilidade da realidade.
- Aplicar os modos propios das matemáticas en situacións habituais e na resolución de problemas elixindo a estratexia máis axeitada, empregando a linguaxe precisa e perseverando para atopar a solución.
- Diseñar estratexias persoais para a resolución de problemas utilizando distintos recursos (debuxando bosquexo, descompoñendo figuras).
- Perseverar na procura de solucións, cambiando se cómpre a estratexia de resolución empregada.
- Empregar programas informáticos que simulen procedementos matemáticos con axuda para a aprendizaxe de determinados contidos.
- Utilizar correctamente a calculadora como un recurso tecnolóxico que facilita a resolución de situacións problemáticas.
- Razoar de forma lóxica (razóns, proporcións, porcentaxes), e organizar e relacionar informacións (táboas e gráficos sinxelos) para resolver problemas da vida cotiá.
- Comunicar con precisión e rigorosidade a información utilizando as distintas formas de expresión matemática (numérica, gráfica, xeométrica e lóxica).
- Cuantificar determinados aspectos da realidade mediante a recolla de datos, confección de táboas e gráficos, e procedementos de medidas.
- Ler, interpretar e construír táboas a partir de diferentes fontes de



información (textos, números, gráficas, outras táboas).

- Recoñecer e construír os principais gráficos estatísticos que aparecen na vida diaria e a súa achega na comprensión das mensaxes.
- Identificar os elementos xeométricos básicos, as súas relacións mutuas e aplicar os procedementos de construción que permiten representalos no plano.
- Visualizar as principais figuras xeométricas (polígonos, figuras circulares e poliedros) analizando as súas propiedades xeométricas e calculando o seu perímetro e área, e volumes sinxelos.
- Recoñecer o desenvolvemento histórico das matemáticas a través de biografías de personaxes e de achegas de diferentes culturas.

Contidos

Co fin de facilitar a temporalización relativa aos estándares de aprendizaxe, relacionamos aquí os contidos que se tratarán en cada avaliación, a grandes trazos.

- 1ª Avaliación: Números Naturais. Números Enteiros. Divisibilidade. Decimais.
- 2ª Avaliación: Fraccións. Proporcionalidade. Iniciación á álgebra. Elementos básicos de xeometría no plano.
- 3ª Avaliación: Polígonos. Círculo e circunferencia. Poliedros. Funcións e gráficas. Estatística Descritiva. Probabilidade.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

Temporalización, grao mínimo de consecución , procedementos e instrumentos de avaliación

Con cada estándar relacionamos: os criterios de avaliación, a temporalización, o grao mínimo de consecución, os procedementos e instrumentos de avaliación, e as competencias clave asociadas.

Descróbiremos o grao de consecución dun estándar avaliábel de aprendizaxe segundo a táboa seguinte:

A	Adquirido e consolidado
B	Adquirido
C	En vías de adquisición
D	Non adquirido



Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	Todo o curso	B	Exposición oral de la resolución del problema	CCL CMCCT
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	Todo o curso	A	Explicación del problema con sus propias palabras	CMCCT
	MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT
	MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT
	MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT CAA
B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT CCEC
	MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT
B1.4. Afondar en problemas resolto formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT
	MAB1.4.2. Formula novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT CAA
B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilista).	Todo o curso	C	Traballo	CCL CMCCT
B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT CSC
	MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT CSIEE



probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	nel e os coñecementos matemáticos necesarios.				
	MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT
	MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT
	MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT
	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	Todo o curso	C	Observ.
B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT CSIEE CSC
	MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT
	MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	Todo o curso	A	Observ.	CMCCT
	MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT CAA CCEC
	MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT CSIEE CSC
B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT CSIEE
B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT CAA
B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos,	MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT CD



facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT
	MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT
	MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT
	MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT
	B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	Todo o curso	C	Traballo
MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.		Todo o curso	C	Traballo	CCL
MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.		Todo o curso	C	Traballo	CD CAA
MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.		Todo o curso	C	Traballo	CD CSC CSIEE

Bloque 2: Números e álgebra:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	1ª Avaliac:	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	1ª Avaliac:	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e	Todo o curso	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT



	interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos				
B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números	MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	1ª Avaliac: Divisibilid.	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.	1ª Avaliac: Divisibilid.	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplícao en problemas contextualizados.	1ª Avaliac: Divisibilid.	A	Proba escrita Traballo	CMCCT
	MAB2.2.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	1ª Avaliac: Números naturais	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.2.5. Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.	1ª Avaliac: Números Enteiros	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.2.6. Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplícao a casos concretos.	1ª Avaliac: Decimais	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.2.7. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.	1ª Avaliac: Decimais Fraccións	B	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.2.8. Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.	1ª Avaliac: Números Enteiros	C	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	1ª Avaliac: Números Naturais Números Enteiros Fraccións Decimais	A	Traballo	CMCCT
B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.	MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	1ª Avaliac: Números Naturais Números Enteiros Divisibilid. Fraccións Decimais	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis	1ª Avaliac: Números Naturais	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT



	axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	Números Enteiros Fraccións Decimais			
B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directamente proporcionais.	MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaa para resolver problemas en situacións cotiás.	2ª Avaliac: Proporc.	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e as leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.	MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.	2ª Avaliac: Introdución á álgebra	B	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.6.2. Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaa mediante a linguaxe alxébrica e utilízaa para facer predicións.	2ª Avaliac: Introdución á álgebra	C	Traballo	CMCCT
B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro grao, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastar os resultados obtidos.	MAB2.7.1. Comproba, dada unha ecuación, se un número é solución desta.	2ª Avaliac: Introdución á álgebra	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT
	MAB2.7.2. Formula alxébricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro grao, resólvea e interpreta o resultado obtido.	2ª Avaliac: Introdución á álgebra	A	Proba escrita. Exposición oral	CMCCT

Bloque 3: Xeometría:

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.).	MACB2.1.1. Recoñece os tipos de números reais (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indicando o criterio seguido, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.	1ªAvaliac: Números reais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilízalos en contextos de resolución de problemas.	1ªAvaliac: Números reais	A	Proba escrita	CMCCT
B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo.	MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada.	1ªAvaliac: Números reais	B	Proba escrita Observación	CMCCT
	MACB2.2.2. Realiza estimacións correctamente e xulga se os resultados obtidos son razoables.	1ªAvaliac: Números reais	A	Observación	CMCCT
	MACB2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados.	1ªAvaliac: Números reais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB2.2.4. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.	1ªAvaliac: Números reais	A	Traballo	CMCCT
	MACB2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos.	1ªAvaliac: Números reais	B	Proba escrita	CMCCT
	MACB2.2.6. Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas.	1ªAvaliac: Números reais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB2.2.7. Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos	1ªAvaliac: Números	B	Proba escrita	CMCCT



	específicos dos números.	reais			
B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.	MACB2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica.	1ªAvaliac: Polinomios	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB2.3.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado.	1ªAvaliac: Polinomios	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas.	1ªAvaliac: Polinomios	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB2.3.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous.	1ªAvaliac: Ecuacións	A	Proba escrita	CMCCT
B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais.	MACB2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos.	1ªAvaliac: Ecuacións Sistemas Inecuacións	B	Proba escrita Traballo	CMCCT

Bloque 3: Xeometría:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B3.1. Utilizar as unidades angulares dos sistemas métrico sesaxesimal e internacional, así como as relacións e as razóns da trigonometría elemental, para resolver problemas trigonométricos en contextos reais.	MACB3.1.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos.	2ªAvaliac: Trigonom.	B	Proba escrita Traballo	CMCCT
B3.2. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuadas, e aplicando as unidades de medida.	MACB3.2.1. Utiliza as ferramentas tecnolóxicas, as estratexias e as fórmulas apropiadas para calcular ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e figuras xeométricas.	2ªAvaliac: Trigonom.	B	Traballo	CMCCT CD
	MACB3.2.2. Resolve triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións.	2ªAvaliac: Trigonom.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB3.2.3. Utiliza as fórmulas para calcular áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas.	2ªAvaliac: Xeometría	A	Proba escrita	CMCCT
B3.3. Coñecer e utilizar os conceptos e os procedementos básicos da xeometría analítica plana para representar, describir e analizar formas e configuracións xeométricas sinxelas.	MACB3.3.1. Establece correspondencias analíticas entre as coordenadas de puntos e vectores.	3ªAvaliac: Xeom. An.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB3.3.2. Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector.	3ªAvaliac: Xeom. An.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB3.3.3. Coñece o significado de pendente dunha recta e diferentes formas de calculala.	3ªAvaliac: Xeom. An.	A	Proba escrita	CMCCT



	MACB3.3.4. Calcula a ecuación dunha recta de varias formas, en función dos datos coñecidos	3ªAvaliac: Xeom. An.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB3.3.5. Recoñece distintas expresións da ecuación dunha recta e utilízalas no estudo analítico das condicións de incidencia, paralelismo e perpendicularidade.	3ªAvaliac: Xeom. An.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB3.3.6. Utiliza recursos tecnolóxicos interactivos para crear figuras xeométricas e observar as súas propiedades e as súas características.	3ªAvaliac: Xeom. An.	B	Traballo	CMCCT CD

Bloque 4: Funcións:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.	MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	2ªAvaliac: Funcións elementais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso.	2ªAvaliac: Funcións elementais	A	Proba escrita Traballo	CMCCT
	MACB4.1.3. Identifica, estima ou calcula parámetros característicos de funcións elementais.	2ªAvaliac: Funcións elementais	B	Proba escrita	CMCCT
	MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa.	2ªAvaliac: Funcións elementais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.	2ªAvaliac: Funcións elementais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos e exponenciais e logarítmicas.	2ªAvaliac: Funcións elementais			Proba escrita
B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.	MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	2ªAvaliac: Funcións elementais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas.	2ªAvaliac: Funcións elementais	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos.	2ªAvaliac: Funcións elementais			



	MACB4.2.4. Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes.	2ªAvaliac: Funcións elementais			CMCCT
--	---	-----------------------------------	--	--	-------

Bloque 5: Estatística e probabilidade:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B5.1. Resolver situacións e problemas da vida cotiá aplicando os conceptos do cálculo de probabilidades e técnicas de reconto axeitadas.	MACB5.1.1. Aplica en problemas contextualizados os conceptos de variación, permutación e combinación.	3ªAvaliac: Combinat.	B	Proba escrita	CMCCT
	MACB5.1.2. Identifica e describe situacións e fenómenos de carácter aleatorio, utilizando a terminoloxía axeitada para describir sucesos.	3ªAvaliac: Probabilid.	B	Observación	CMCCT
	MACB5.1.3. Aplica técnicas de cálculo de probabilidades na resolución de situacións e problemas da vida cotiá.	3ªAvaliac: Estat. Descr.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB5.1.4. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.	3ªAvaliac: Estat. Descr.	B	Traballo	CMCCT
	MACB5.1.6. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	3ªAvaliac: Estat. Descr.	B	Traballo	CCEC
B.5.2. Calcular probabilidades simples ou compostas aplicando a regra de Laplace, os diagramas de árbore, as táboas de continxencia ou outras técnicas combinatorias.	MACB5.2.1. Aplica a regra de Laplace e utiliza estratexias de reconto sinxelas e técnicas combinatorias.	3ªAvaliac: Probabilid.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB5.2.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos utilizando, especialmente, os diagramas de árbore ou as táboas de continxencia.	3ªAvaliac: Probabilid.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB5.2.3. Resolve problemas sinxelos asociados á probabilidade condicionada.	3ªAvaliac: Probabilid.	A	Proba escrita	CMCCT
	MACB5.2.4. Analiza matematicamente algún xogo de azar sinxelo, comprendendo as súas regras e calculando as probabilidades adecuadas.	3ªAvaliac: Probabilid.	B	Proba escrita	CMCCT
B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MACB5.3.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir, cuantificar e analizar situacións relacionadas co azar.	3ªAvaliac: Probabilid.	B	Observación	CCL
B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estadísticos, así como os parámetros estadísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das	MACB5.4.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estadísticos.	3ªAvaliac: Estat. Descr.	A	Proba escrita	CSIEE
	MACB5.4.2. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estadísticas, para extraer informacións e elaborar conclusións.	3ªAvaliac: Estat. Descr.	B	Traballo	CMCCT
	MACB5.4.3. Calcula e interpreta os parámetros estadísticos dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador).	3ªAvaliac: Estat. Descr.	A	Proba escrita	CMCCT



mostras utilizadas.	MACB5.4.4. Selecciona unha mostra aleatoria e valora a representatividade de mostras pequenas.	3ªAvaliac: Estat. Descr.	B	Traballo	CMCCT
	MACB5.4.5. Representa diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables.	3ªAvaliac: Estat. Descr.	B	Proba escrita	CMCCT

Critérios de cualificación

Os criterios de avaliación para a materia de Matemáticas de 4º de ESO está detallados na táboa de concrecións, así como os procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Cualificación de cada avaliación:

A cualificación global na avaliación obterase a partir de:

- Realización de **PROBAS ESCRITAS**, que determinarán a cualificación nos contidos da avaliación e terá unha ponderación do 90% na cualificación global da avaliación.
 - En cada avaliación realizaranse unha ou varias probas parciais e un exame final. O exame final avaliará todos os estándares de aprendizaxe estudados ao longo da avaliación.
 - As ponderacións asignadas ás probas parciais será dun 40% e ao exame final de avaliación dun 60%.
 - A cualificación correspondente ás probas parciais de cada avaliación obterase coa media aritmética das notas obtidas en cada unha delas.
- Observación do **TRABALLO DO ALUMNO**, cunha ponderación na cualificación global do 10%. Terase en conta:
 - Traballo na aula: realización das actividades indicadas polo profesor, respostas a controis orais ou escritos sobre algún contido ou procedemento, realización de exercicios na pizarra, corrección dos exercicios no caderno de traballo,... e calquera actividade desenvolvida na clase.
 - Traballo na casa: realización das tarefas marcadas, realización de actividades de reforzo e ampliación cando se considere oportuno, revisión do caderno....
 - Observación da **ACTITUDE** do alumno na aula: atención prestada, esforzo, interese por aprender, participación,....
 - A reiteración da non realización ou entrega das tarefas propostas conlevará unha cualificación de cero neste apartado, é dicir, se un alumno non entrega ou ten cualificación negativa, polo menos, na metade dos



items recollidos durante a avaliación, poderá levar un 0 na parte de traballo do alumno.

Recuperacións:

As avaliacións suspensas poderanse recuperar mediante un exame de recuperación.

So será recuperable a parte correspondente ás PROBAS ESCRITAS (90% da cualificación) polo que a nota correspondente ao TRABALLO e á ACTITUDE será a mesma que a que obtivo o alumno durante a avaliación.

No caso de ter algunha avaliación cunha cualificación inferior a 5 despois da recuperación correspondente, o alumno realizará un exame final sobre os estándares de aprendizaxe desas avaliacións; asignándosele a nota obtida nesa proba a cada unha das avaliacións examinadas.

Calquera alumno que teña unha avaliación aprobada poderá subir a cualificación desa avaliación presentándose á recuperación correspondente. So poderá subir a cualificación da parte das probas escritas. A efectos de calcular a media do curso contabilizarase a maior das cualificacións obtidas.

Cualificación final:

Para aprobar a materia será necesario que as cualificacións de todas as avaliacións non sexan inferiores aos 5 puntos e a cualificación obterase como a media aritmética da cualificación de cada avaliación. En caso contrario, a avaliación será negativa e terase que acudir á avaliación extraordinaria de setembro.

No caso de detectarse algún intento por copiar ou empregar calquera tipo de ferramenta tecnolóxica non autorizada nunha proba escrita, recuperación, exame final, etc. a cualificación de dita proba será 0.

PROGRAMACIÓN – 1º ESO

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave na ESO

A contribución da materia de Programación ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquiera e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos, deseñando algoritmos e analizando o funcionamento de programas, ou mediante a análise e a valoración das repercusións da informática na sociedade. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos ou para elaborar programas e utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos para a web. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista metodolóxico, a programación informática admite tratamentos moi diversos, porque serve tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos específicos da programación ou da elaboración de contidos, sen esquecer que está nomeadamente indicada para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade. Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se resollen problemas utilizando un contorno informático de programación e ferramentas de desenvolvemento de contidos, contexto no que a iniciativa, a colaboración e o respecto polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos. A participación pode potenciarse nesta materia resolvendo



colaborativamente os problemas mediante a análise e o desenvolvemento de programas, e coa procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe. Débese reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e procurar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

Materiais e recursos didácticos

- Material elaborado polo profesorado do Departamento.
- Aula de informática
- Software informático: Sistema operativo: Ubuntu, Scratch, LibreOffice, moodle, ...

Obxectivos

- Coñecer e empregar os recursos e posibilidades que as TIC poden ofrecer para unha aprendizaxe ao longo da vida.
- Ser quen de demostrar un pensamento creativo, construindo coñecemento e desenvolvendo produtos innovadores, empregando as TIC.
- Empregar medios e ámbitos dixitais para comunicarse e traballar en rede, para obter, avaliar e usar información, e para apoiar a aprendizaxe individual e contribuír á aprendizaxe doutros.
- Desenvolver e usar habilidades de pensamento crítico para planificar e conducir unha investigación, administrar proxectos, resolver problemas e tomar decisións informadas usando ferramentas e recursos dixitais apropiados.
- Poñer en práctica condutas éticas e legais e entender os asuntos humanos, culturais e sociais relacionados coa tecnoloxía.
- Acadar un entendemento axeitado dos conceptos, sistemas e funcionamento da tecnoloxía; adquirindo unha formación ética, mediante un exercicio constante de reflexión e práctica democrática ante o uso das TIC.
- Adquirir un coñecemento global e contextualizado, integrando as aprendizaxes, relacionándoas cos contidos curriculares das diversas áreas e materias, asumíndoas de maneira que sexan transferibles e aplicables en diversas situacións e contextos de ensino-aprendizaxe a través das TIC.

Contidos

Co fin de facilitar a temporalización relativa aos estándares de aprendizaxe, relacionamos aquí os contidos que se tratarán en cada avaliación, a grandes rasgos.

- 1ª Avaliación: Diagramas de fluxo e programación por bloques.
- 2ª Avaliación: Diagramas de fluxo e programación por blques.
- 3º Avaliación: Programación web.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Temporalización, grao mínimo de consecución , procedementos e instrumentos de avaliación.

Con cada estándar relacionamos: os criterios de avaliación, a temporalización, o grao mínimo de consecución, os procedementos e instrumentos de avaliación, e as competencias clave asociadas.

Descróbiremos o grao de consecución dun estándar avaliábel de aprendizaxe según a táboa seguinte:

A	Adquirido e consolidado
B	Adquirido
C	En vías de adquisición
D	Non adquirido

Bloque 1. Diagramas de fluxo:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B1.1. Representar algoritmos mediante diagramas de fluxo.	PROB1.1.1. Elabora diagramas de fluxo para deseñar e representar algoritmos.	Todo o curso	C	Observación e traballo	CMCCT CD CAA CSIEE
B1.2. Resolver problemas sinxelos utilizando algoritmos.	PROB1.2.1. Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resolven.	Todo o curso	C	Observación e traballo	CMCCT CD CSIEE
	PROB1.2.2. Obtén o resultado de seguir un algoritmo partindo de determinadas condicións.	Todo o curso	C	Observación e traballo	CMCCT CD
B1.3. Analizar a estrutura dun programa informático, identificando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada e a súa función.	PROB1.3.1. Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos.	Todo o curso	C	Observación e traballo	CMCCT CD

Bloque 2. Programación por bloques:



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B2.1. Empregar as construcións básicas dunha linguaxe de programación por bloques para resolver problemas.	PROB2.1.1. Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CCL CMCCT CD
	PROB2.1.2. Emprega correctamente os elementos do contorno de traballo de programación.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD
	PROB2.1.3. Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD CAA CSIEE
B2.2. Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións básicas.	PROB2.2.1. Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD CAA CSIEE
B2.3. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións iterativas.	PROB2.3.1. Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD CAA CSIEE
	PROB2.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD CSIEE
B2.4. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando variables e estruturas de datos.	PROB2.4.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CCL CMCCT CD
	PROB2.4.2. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD CAA CSIEE
B2.5. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando controis, eventos e fíos.	PROB2.5.1. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores e fíos.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD CAA CSIEE
B2.6. Verificar o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.	PROB2.6.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD
	PROB2.6.2. Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	1ª e 2ª Aval	B	Observación e traballo	CMCCT CD

Bloque 3. Programación web:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B3.1. Empregar os elementos das linguaxes de marcas para crear contidos accesibles.	PROB3.1.1. Describe as características fundamentais e os comportamentos dos elementos das linguaxes de marcas.	3ª Aval	C	Observación e traballo	CCL CMCCT CD CSC



					CCEC
	PROB3.1.2. Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas relacionadas coa accesibilidade e a usabilidade das páxinas.	3ª Aval	C	Observación e traballo	CCL CMCCT CD
	PROB3.1.3. Deseña páxinas web sinxelas e accesibles.	3ª Aval	C	Observación e traballo	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
B3.2. Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, gráfica e multimedia.	PROB3.2.1. Elabora contidos utilizando as posibilidades que permiten as ferramentas de creación de páxinas web e contidos 2.0.	3ª Aval	C	Observación e traballo	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC

Criterios de cualificación

Os criterios de avaliación para a materia de Programación de 1º de ESO están detallados na táboa de concrecións, así como os procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Cualificación en cada avaliación:

A cualificación global na avaliación obterase a partir de:

- Realización de PRÁCTICAS individuais, que determinarán a cualificación nos contidos da avaliación e terá unha ponderación do 90% na cualificación global da avaliación.

- A avaliación destas prácticas farase atendendo aos seguintes criterios:

Práctica	Cualificación sobre 10
Sen erros	10
Sen erros fóra de tempo	7
Con un/dous erros	5
Con un/dous erro fóra de tempo	3
Corrixida	+2

- A cualificación nos contidos da avaliación obterase coa media aritmética das notas de todas as prácticas propostas.
- Observación do TRABALLO DO ALUMNO, cunha ponderación na cualificación global do 10%. Terase en conta:
 - Traballo na aula: realización das actividades indicadas polo profesor,



respostas a controis orais ou escritos sobre algún contido ou procedemento, realización de exercicios na pizarra, corrección dos exercicios no caderno de traballo,... e calquera actividade desenvolvida na clase.

- Traballo na casa: realización das tarefas marcadas, realización de actividades de reforzo e ampliación cando se considere oportuno, revisión do caderno....
- Observación da ACTITUDE do alumno na aula: atención prestada, esforzo, interese por aprender, participación,....

Recuperacións:

As avaliacións suspensas poderanse recuperar mediante a mellora das prácticas feitas durante a citada avaliación.

So será recuperable a parte correspondente ás PRÁCTICAS e PROXECTO (90% da cualificación) polo que a nota correspondente ao TRABALLO e á ACTITUDE será a mesma que a que obtivo o alumno durante a avaliación.

Cualificación final:

Para aprobar a materia será necesario que todas as cualificacións das avaliacións non sexan inferiores aos 5 puntos e a cualificación obterase como a media aritmética da cualificación de cada avaliación. En caso contrario, a avaliación será negativa e terase que acudir á avaliación extraordinaria de setembro.



PROXECTO CURRICULAR PARA OS CURSOS DE CURRÍCULO LOMCE NO BACHARELATO.

CONTRIBUCIÓN XERAL AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NO BACHARELATO.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

Neste curso, en Bacharelato, tal e como suxire a lei, tratarase de potenciar o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; ademais, para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para valoralos, utilízanse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, poñeranse en relación coas competencias clave, permitindo graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

As materias de Matemáticas e Matemáticas Aplicadas, I e II utilizan unha terminoloxía formal que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe ao seu vocabulario, e utilízalo nos momentos axeitados con propiedade abonda. Así mesmo, a comunicación dos resultados das actividades e/ou problemas e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son as competencias fundamentais da materia. Para desenvolver esta competencia, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar



pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, xa que logo, as máis traballadas na materia.

A competencia dixital fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, recadar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo das matemáticas que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

A adquisición da competencia de aprender a aprender fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Ademais, ao ser unha materia progresiva, o alumnado adquire a capacidade de relacionar os contidos aprendidos durante anteriores etapas co que vai ver no presente curso e no próximo.

Esta materia favorece o traballo en grupo, onde se fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das competencias sociais e cívicas. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos posibles riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor é básico á hora de levar a cabo o método científico de forma rigorosa e eficaz, seguindo a consecución de pasos desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións. É necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e expresión cultural das sociedades. Igualmente, o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras



CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ÁREA DE MATEMÁTICAS NO BACHARELATO

O proceso de ensinanza-aprendizaxe entendemos que debe ter en conta diversos factores:

a) O nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas ao terminar o segundo ciclo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria

Na actualidade, está unanimemente estendida entre a comunidade de educadores a premisa de que toda ensinanza que pretenda ser significativa debe partir dos coñecementos previos dos alumnos e as alumnas. Dese xeito, partindo do que xa saben, poderemos construír novas aprendizaxes que conectarán cos que xa teñen de cursos anteriores ou de o que aprenden fóra da aula, ampliándoos en cantidade e, sobre todo, en calidade.

b) Ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna

Cada persoa aprende a un ritmo diferente. Os contidos deben estar explicados de tal xeito que permitan extensións e gradación para a súa adaptabilidade.

c) Preparación básica para un alumnado de Ciencias ou Enxeñería (para a materia de Matemáticas) e para un alumnado de Ciencias Sociais (para a materia de Matemáticas Aplicadas)

Os alumnos e as alumnas destes bacharelatos requiren unha formación conceptual e procedemental básica para un estudante de Ciencias ou de Ciencias Sociais: unha boa bagaxe de procedementos e técnicas matemáticas, unha sólida estrutura conceptual e unha razoable tendencia a buscar certo rigor no que se sabe, en como se aprende e en como se expresa.

d) Atención ás necesidades doutras materias

O papel instrumental das Matemáticas obriga a ter en conta o uso que delas se pode necesitar noutras materias. Concretamente, as necesidades da Física impoñen que os temas de derivadas e integrais se traten con algo máis de profundidade do que se faría de non darse ese requirimento.

Unha concepción construtivista da aprendizaxe

Desde a perspectiva construtivista da aprendizaxe en que se basea o noso currículo oficial e, consecuentemente, este proxecto, a realidade só adquire significado na medida en que a construímos. A construción do significado implica un proceso activo de formulación interna de hipóteses e a realización de numerosas experiencias para contrastalas coas hipóteses. Se hai acordo entre estas e os resultados das experiencias, "comprendemos"; se non o hai, formulamos novas



hipóteses ou abandonamos. As bases sobre as que se asenta esta concepción das aprendizaxes están demostrando que:

1. Os conceptos non están illados, senón que forman parte de redes conceptuais con certa coherencia interna.
2. Os alumnos e as alumnas non saben manifestar, a maioría das veces, as súas ideas.
3. As ideas previas e os erros conceptuais déronse e seguen a darse, frecuentemente, en alumnos da mesma idade noutros lugares.
4. Os esquemas conceptuais que traen os estudantes son persistentes, e non é fácil modificalos.

Todo isto ten como consecuencias, que deben ser tomadas en consideración polo profesorado, cando menos, as seguintes:

- Que o alumnado sexa consciente de cal é a súa posición de partida.
- Que se lle faga sentir a necesidade de cambiar algunhas das súas ideas de partida.
- Que se propicie un proceso de reflexión sobre o que se vai aprendendo e unha autoavaliación para que sexa consciente dos progresos que vai realizando.

Así pois, o noso modelo de aprendizaxe, que se basea no construtivismo, ten en conta os coñecementos previos dos estudantes, o campo de experiencias no que se moven e as estratexias interactivas entre eles e co profesorado.

Di Polya que non hai máis que un método de ensinanza que sexa infalible: se o profesor se aburre coa súa materia, toda a clase se aburrirá irremediabilmente coa materia. Expresa, como elementos dunha metodoloxía que compartimos, algúns detalles como os seguintes: "Deixa que os estudantes fagan conxecturas antes de darlles ti apresuradamente a solución; déixalles investigar por si mesmos tanto como sexa posible; deixa que os estudantes fagan preguntas; déixalles que dean respostas. A toda costa, evita responder preguntas que ninguén formulara, nin sequera ti mesmo."

O estilo que cada profesor ou profesora lles dea ás súas clases determina o tipo de coñecementos que o alumno constrúe. Neste sentido, hai un xeito de "facer nas clases" que xera aprendizaxes superficiais e memorísticas, mentres que noutros casos se producirán aprendizaxes con maior grao de comprensión e profundidade.

De acordo co famoso parágrafo 243 do informe Cockcroft, que tantas repercusións está tendo nos últimos tempos, deberíamos "equilibrar" as oportunidades para que nunha clase de Matemáticas haxa:

- Explicacións a cargo do profesor.
- Discusións entre profesor e alumnos e entre os propios alumnos.



- Traballo práctico apropiado.
- Consolidación e práctica de técnicas e rutinas fundamentais.
- Resolución de problemas, incluída a aplicación das Matemáticas a situacións da vida diaria.
- Traballos de investigación.

Utilizaremos en cada caso o máis axeitado dos procedementos anteriores para lograr a mellor aprendizaxe dos alumnos sobre feitos, algoritmos e técnicas, estruturas conceptuais e estratexias xerais. Calquera planificación da ensinanza ou calquera metodoloxía que inclúa de forma equilibrada os catro aspectos poderá valorarse como un importante avance respecto á situación actual. Ata este momento, veuse insistindo moito no dominio case exclusivo de algoritmos e técnicas, o que, efectivamente, produce resultados dun certo tipo a curto prazo, pero anula moitos aspectos de comprensión, non favorece, ou obstaculiza, o desenvolvemento de estruturas conceptuais e, en definitiva, non fai nada por favorecer o desenvolvemento de estratexias xerais.

Por outra parte, hai capacidades en Matemáticas que non se desenvolven dominando con soltura algoritmos e técnicas. Trátase de capacidades máis necesarias no momento actual e, con toda seguridade, no futuro. Referímonos á resolución de problemas, elaboración e comprobación de conxecturas, abstracción, xeneralización... Por outra parte, ademais de ser capacidades máis necesarias, a realidade das clases demostra que os alumnos "o pasan mellor" cando se lles propoñen actividades para desenvolvelas nas aulas; é dicir, cando actúan como o fan os matemáticos.

Non se pon en dúbida o feito de que se requiren certos algoritmos e rutinas en Matemáticas. Só se pretende poñer énfase en que non son o máis importante, e, desde logo, non son o único que debemos facer nas clases.

Na actualidade, numerosos documentos, actas de congresos e libros de recente publicación avogan por un ensino das Matemáticas onde haxa moito de descubrimento de conceptos, regularidades e leis por parte do alumno e menos de retransmisión a cargo do profesor. Máis de conflito durante a aprendizaxe e menos de acumulación de técnicas, algoritmos e conceptos "cociñados" previamente polo profesor.

Sería bo que, ante a formulacións de cuestións polo profesor, os alumnos puidesen dar respostas rápidas que facilitasen coñecer a situación de partida, e permitirilles logo contrastala co resultado final, para que poidan apreciar os seus "progresos". É esta unha maneira de ir xerando confianza. Unha vez elaboradas as primeiras hipóteses de traballo, a discusión co profesor poñerá de manifesto o acertado do pensamento e a reformulación das conclusións, se procede.

Lembraremos a concepción das Matemáticas expresada por Jeremy Kilpatrick (ICMI-5, 1985, Adoaida): "As Matemáticas son unha cuestión de ideas



que un estudante constrúe na súa mente (e isto é algo que só o estudante pode facer por si mesmo). Estas ideas veñen de experiencias... e non están previamente codificadas en linguaxe natural. Novas ideas son construídas sobre as ideas que o estudante xa ten na mente, combinándoas, revisándoas, etc., a miúdo dunha maneira metafórica. A aprendizaxe efectivo require non puramente facer algo, senón tamén reflexión sobre o que se fixo despois do que fixeches..."

Esta concepción traerá como consecuencias, entre outras, que:

- a) A aprendizaxe deberá empezar con experiencias das que xurdirán ideas.
- b) Non deberíamos empezar co que os alumnos teñen que facer, co que teñen que aprender..., senón propoñendo algunha cuestión, formulando algunha situación ou tarefa para ser realizada.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE UTILIZARÁN.

- Material elaborado polo profesorado do Departamento.
- Fotocopias de actividades deseñadas polo Departamento.
- Calculadora científica.
- Ordenadores das aulas de Informática do Centro.
- Software informático: folla de cálculo, programas de representación de funcións,...
- Uso de recursos educativos en internet:
- Apuntes de cidead: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/index_mat.htm
- Unidades didácticas online: <http://cedec.ite.educacion.es/>
- Apuntes de outras webs: amolasmates, vitutor,...



MATEMÁTICAS I - 1º BACHARELATO

Obxectivos

O desenvolvemento desta materia contribuirá a que as alumnas e os alumnos adquiren as seguintes capacidades:

- Aplicar a situacións diversas os contidos matemáticos para analizar, interpretar e valorar fenómenos sociais, co obxecto de comprender os retos que formula a sociedade actual.
- Adoptar actitudes propias da actividade matemática como a visión analítica ou a necesidade de verificación. Asumir a precisión como un criterio subordinado ao contexto, as apreciacións intuitivas como un argumento que contrastar e a apertura a novas ideas como un reto.
- Elaborar xuízos e formar criterios propios sobre fenómenos sociais e económicos, utilizando tratamentos matemáticos. Expresar e interpretar datos e mensaxes, argumentando con precisión e rigor e aceptando discrepancias e puntos de vista diferentes como un factor de enriquecemento.
- Formular hipóteses, deseñar, utilizar e contrastar estratexias diversas para a resolución de problemas que permitan enfrontarse a situacións novas con autonomía, eficacia, confianza en si mesmo e creatividade.
- Utilizar un discurso racional como método para abordar os problemas: xustificar procedementos, encadear unha correcta liña argumental, achegar rigor aos razoamentos e detectar inconsistencias lóxicas.
- Facer uso de variados recursos, incluídos os informáticos, na busca selectiva e o tratamento da información gráfica, estatística e alxébrica nas súas categorías financeira, humanística ou doutra índole, interpretando con corrección e profundidade os resultados obtidos dese tratamento.
- Adquirir e manexar con fluidez un vocabulario específico de termos e notacións matemáticos. Incorporar con naturalidade a linguaxe técnica e gráfica a situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente.
- Utilizar o coñecemento matemático para interpretar e comprender a realidade, establecendo relacións entre as matemáticas e o ámbito social, cultural ou económico e apreciando o seu lugar, actual e histórico, como parte da nosa cultura.

Contidos

Co fin de facilitar a temporalización relativa aos estándares de aprendizaxe, relacionamos aquí os contidos que se tratarán en cada avaliación, a grandes rasgos.



- 1ª Avaliación: Números Reais. Números Complexos. Álgebra.
- 2ª Avaliación: Análise. Trigonometría
- 3ª Avaliación: Xeometría Analítica. Cónicas. Estatística Bidimensional.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.

Con cada estándar relacionamos: os criterios de avaliación, a temporalización, o grao mínimo de consecución, os procedementos e instrumentos de avaliación, e as competencias clave asociadas.

Descríbiremos o grao de consecución dun estándar avaliábel de aprendizaxe según a táboa seguinte:

A	Adquirido e consolidado
B	Adquirido
C	En vías de adquisición
D	Non adquirido

Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	MA1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	Todo o curso	B	Observ.	CCL CMCCT
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT
	MACS2B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT
	B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MACS2B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións.	Todo o curso	B	Observ.
B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT CSC CSIEE
	MACS2B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT
	MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados, etc.	Todo o curso	B	Observ.	CMCCT CAA
	MACS2B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	Todo o curso	B	Traballo	CSC CSIEE
B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MACS2B1.10.1. Toma decisións nos procesos (de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización), valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	Todo o curso	B	Traballo	CMCCT CSIEE
B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras.	MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras.	Todo o curso	C	Observ.	CMCCT CAA



B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	Todo o curso	B	Traballo	CD CMCCT
	MACS2B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	Todo o curso	B	Traballo	CMCCT
	MACS2B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	Todo o curso	B	Traballo	CMCCT
	MACS2B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	Todo o curso	C	Traballo	CMCCT
	MACS2B1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	Todo o curso	B	Traballo	CMCCT
B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e	MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	Todo o curso	C	Traballo	CD
	MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	Todo o curso	B	Observ.	CCL
	MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.	Todo o curso	C	Observ.	CD CAA

Bloque 2: Números e álgebra:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B2.1. Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información.	MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia.	1ª Avaliac:	B	Observ.	CMCCT
	MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais.	1ª Avaliac:	A	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios	1ª Avaliac:		Proba escrita	CMCCT



	tecnolóxicos.				
B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inequacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas.	MACS2B2.2.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplícao para resolver problemas en contextos reais.	1ª Avaliac:		Proba escrita	CMCCT
	MACS2B2.2.2. Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de funcións lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema.	1ª Avaliac:		Proba escrita	CMCCT

Bloque 3: Análise:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B3.1. Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describi-lo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características.	MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e descríbeos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, corte cos eixes, etc.	2ª Avaliac:	B	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas.	2ª Avaliac:	A	Observ.	CMCCT
	MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite.	2ª Avaliac:	B	Traballo	CMCCT
B3.2. Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado.	MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas derivados de situacións reais.	2ª Avaliac:	A	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.	2ª Avaliac:	A	Proba escrita	CMCCT
B3.3. Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata.	MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas.	2ª Avaliac:	A	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas.	2ª Avaliac:	A	Proba escrita	CMCCT

Bloque 4: Estatística e probabilidade:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.



B4.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da probabilidade e o teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.	MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.	3ª Avaliac:	A	Observ.	CMCCT
	MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.	3ª Avaliac:	B	Observ.	CMCCT
	MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.	3ª Avaliac:	B	Observ.	CMCCT
	MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións.	3ª Avaliac:	B	Traballo	CMCCT
B4.2. Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande.	MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	3ª Avaliac:	B	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplícao a problemas reais.	3ª Avaliac:	A	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplícao a problemas de situacións reais.	3ª Avaliac:	A	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.	3ª Avaliac:	B	Traballo	CMCCT
	MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes.				CMCCT
	MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplícao en situacións reais.				CMCCT
B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado	MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.	3ª Avaliac:	B	Proba escrita	CCL CMCCT



informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.	MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.	3ª Avaliac:	B	Proba escrita	CMCCT
	MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	3ª Avaliac:	C	Proba escrita	CMCCT CSC

Criterios de cualificación

Os criterios de avaliación para a materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II están detallados na táboa de concrecións, así como os procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Cualificación de cada avaliación:

A obtención da nota media dunha avaliación farase do seguinte xeito:

- Calcularase o 90% da nota media das probas escritas, nas que se avalían os correspondentes estándares de aprendizaxe.
- O 10% restante corresponderá á observación diaria e aos traballos feitos.

Finalmente a nota final de curso será a nota media das cualificacións de cada avaliación.

O alumnado que non aprobe algunha das avaliacións terá a oportunidade, durante o curso, de facer unha recuperación de esa-s avaliación-s. O alumnado terá finalmente a posibilidade dun exame final, en Xuño.

Calquera alumno que teña unha avaliación aprobada poderá subir a cualificación desa avaliación presentándose á recuperación correspondente. So poderá subir a cualificación da parte das probas escritas. A efectos de calcular a media do curso contabilizarase a maior das cualificacións obtidas.

No caso de detectarse algún intento por copiar ou empregar calquera tipo de ferramenta tecnolóxica non autorizada nunha proba escrita, recuperación, exame final, etc. a cualificación de dita proba será 0.



MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS - 2ºBACHARELATO

Obxectivos

O desenvolvemento desta materia contribuirá a que as alumnas e os alumnos adquiren as seguintes capacidades:

- Identificar fenómenos que poden modelizarse mediante distribucións estatísticas.
- Presentar e describir adecuadamente información estatística.
- Asignar probabilidades a sucesos aleatorios.
- Analizar series temporais
- Utilizar técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas.
- Coñecer os fundamentos da interpolación polinómica.

Contidos

Co fin de facilitar a temporalización relativa aos estándares de aprendizaxe, relacionamos aquí os contidos que se tratarán en cada avaliación, a grandes trazos.

- 1ª Avaliación: Mostraxe e Estatística Inferencial.
- 2ª Avaliación: Probabilidade Condicionada e Series Temporais.
- 3ª Avaliación: Programación Lineal e Métodos Numéricos.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Temporalización, grao mínimo de consecución , procedementos e instrumentos de avaliación.

Con cada estándar relacionamos: os criterios de avaliación, a temporalización, o grao mínimo de consecución, os procedementos e instrumentos de avaliación, e as competencias clave asociadas.

Descróbiremos o grao de consecución dun estándar avaliábel de aprendizaxe segundo a táboa seguinte:

A	Adquirido e consolidado
B	Adquirido
C	En vías de adquisición
D	Non adquirido

Bloque 1: Mostraxe:



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B1.1. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros, asignando a probabilidade aos sucesos correspondentes e tomando decisións ante situacións que se axusten a unha distribución binomial ou normal, por medio da asignación de probabilidades aos sucesos correspondentes.	MENB1.1.1. Distingue fenómenos aleatorios, discretos ou continuos, que poden modelizarse mediante unha distribución binomial ou normal, e manexa con soltura as correspondentes táboas para asignarlles probabilidades aos sucesos, analizándoos e decidindo a opción máis conveniente.	1ª Avaliac: Mostraxe	B	Proba escrita	CMCCT
B1.2 Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.	MENB1.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	1ª Avaliac: Mostraxe	B	Traballo	CMCCT CSIEE
	MENB1.2.2. Aplica os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estatísticos dunha poboación e extrae conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida.	1ª Avaliac: Mostraxe	B	Traballo	CMCCT
B1.3. Presentar e describir ordenadamente información estatística utilizando vocabulario e unhas representacións adecuadas, e analizar de forma crítica e argumentada informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, publicidade e outros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións e analizando, de forma crítica, informes estatísticos presentes nos medios de comunicación e noutros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación de determinados datos.	MENB1.3.1. Analiza de forma crítica e argumentada información estatística presente nos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá, valorando a incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estatísticos que proveñen de diversas fontes.	1ª Avaliac: Mostraxe	B	Traballo	CMCCT CCL CD CSC CCEC



Bloque 2: Estatística Inferencial:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B2.1. Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados.	MENB2.1.1. Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes.	1ª Avaliac: Estatística Inferencial	B	Proba escrita	CMCCT
	MENB2.1.2. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende os erros de tipo I e de tipo II, e define o nivel de significación e a potencia do contraste.	1ª Avaliac: Estatística Inferencial	B	Proba escrita	CMCCT CAA

Bloque 3: Probabilidade condicionada:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B3.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos.	MENB3.1.1. Aplica as regras do produto, as probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos.	2ª Avaliac: Prob. Condíc.	B	Proba escrita	CMCCT
B3.2. Modelar situacións contextualizadas dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados.	MENB3.2.1. Identifica fenómenos da vida cotiá que se modelizan mediante cadeas de Markov, distingue os seus estados, represéntaos e calcula as probabilidades correspondentes, utilizando as operacións con matrices ou outros métodos.	2ª Avaliac: Prob. Condíc.	B	Proba escrita	CMCCT

Bloque 4: Series temporais:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B4.1. Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas.	MENB4.1.1. Describe e interpreta, cualitativa e cuantitativamente, os compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica, e calcula e utiliza a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións.	2ª Avaliac: Series Temporais	B	Proba escrita	CMCCT

Bloque 5: Programación lineal:



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B5.1. Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica e utilizando as técnicas de programación lineal, e interpreta as solucións obtidas.	MENB5.1.1. Resolve problemas provenientes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con soltura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema formulado.	3ª Avaliac: Progr. Lineal	B	Proba escrita	CMCCT CAA CSC

Bloque 6: Métodos numéricos:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporaliz.	Grao mínimo de consecución	Instrum. e procedem. de avaliación	Compet. clave relacs.
B6.1. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles.	MENB6.1.1. Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida.	3ª Avaliac: Mét. Núm.	B	Proba escrita	CMCCT CSIEE
	MENB6.1.2. Calcula áreas utilizando métodos numéricos.	3ª Avaliac: Mét. Núm.	B	Proba escrita	CMCCT
B6.2. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados.	MENB6.2.1. Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación.	3ª Avaliac: Mét. Núm.	B	Proba escrita	CMCCT
	MENB6.2.2. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos.	3ª Avaliac: Mét. Núm.	B	Traballo	CMCCT

Criterios de cualificación

Os criterios de avaliación para a materia de Métodos Estadísticos e Numéricos I están detallados na táboa de concrecións, así como os procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Cualificación de cada avaliación:

A obtención da nota media dunha avaliación farase do seguinte xeito:

- Calcularase o 90% da nota media das probas escritas, nas que se avalían os correspondentes estándares de aprendizaxe.



- O 10% restante corresponderá á observación diaria e aos traballos feitos.

Finalmente a nota final de curso será a nota media das cualificacións de cada avaliación.

O alumnado que non aprrobe algunha das avaliacións terá a oportunidade, durante o curso, de facer unha recuperación de esa-s avaliación-s. O alumnado terá finalmente a posibilidade dun exame final, en Xuño.

Calquera alumno que teña unha avaliación aprobada poderá subir a cualificación desa avaliación presentándose á recuperación correspondente. So poderá subir a cualificación da parte das probas escritas. A efectos de calcular a media do curso contabilizarase a maior das cualificacións obtidas.

No caso de detectarse algún intento por copiar ou empregar calquera tipo de ferramenta tecnolóxica non autorizada nunha proba escrita, recuperación, exame final, etc. a cualificación de dita proba será 0.



CONSIDERACIÓNS COMÚNS A TODOS OS CURSOS

Os seguintes epígrafes se refiren a todos os cursos da ESO e Bacharelato.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

Os alumnos de ESO e 1º de Bacharelato terán unha avaliación extraordinaria en setembro, e, os de 2º de Bacharelato terana en xuño. Neste último caso, o alumnado de 2º de Bacharelato avaliarase de todas as materias que non teña aprobadas xa sexan de 1º de Bacharelato ou de 2º de Bacharelato.

Dita avaliación constará dun exame que recolla contidos do impartido durante o curso escolar . A cualificación será de 0 a 10 sendo necesario acadar 5 puntos para poder aprobar

ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A continuación detállase o procedemento para a recuperación das materias pendentes na ESO e para as materias de 1º de Bacharelato das que están matriculados alumnos de 2º de Bacharelato.

O Xefe ou Xefa do Departamento entregará ós alumnos unhas follas con exercicios de cada unha das partes. O seguimento o fará o profesor actual do alumno e no caso que no teñan matemáticas no curso actual o seguimento o fará o Xefe do Departamento.

- Faranse dous exames parciais e un final. Cada exame constará dunha parte con exercicios similares ós dos boletíns entregados a principio de curso.
- As recuperacións de pendentes na ESO faranse nas datas orientativas que se indican a continuación e cada profesor/a que imparta cursos deste nivel encargarse de corrixir as probas tanto parciais como final dos seus alumnos/as durante o presente curso académico, para así facer un seguimento mais próximo dos progresos destes.
- As recuperacións de bacharelato faranse tamén nas datas seguintes e encargarse de corrixir as probas o Xefe do Departamento.
- As probas se poñerán conxuntamente entre tódolos membros do Departamento e serán iguais para tódalas seccións dun mesmo curso aínda que sexan corrixidas por diferentes profesores/as.



Datas dos exames:

- Primeiro exame parcial: Novembro.
- Segundo exame parcial: Febreiro.
- Exame final: Abril/maio.

Avaliación:

- Faremos a media aritmética entre as dúas notas obtidas nas probas parciais sempre que as puntuacións sexan como mínimo de 4.5 puntos en cada unha das partes.
- No caso de que as dúas probas teñan unha puntuación maior ou igual que 4.5 e a media entre elas sexa 5 ou mais, a materia quedará recuperada.
- No caso de ter unha puntuación menor de 4.5 puntos nunha das partes tendo a outra cunha puntuación maior ou igual que 5 non se fará a media.
 - O alumno poderá elixir entre facer o exame final de toda a materia ou repetir só esa parte suspensa.
 - a) No caso de elixir repetir só a parte suspensa, para facer a nota final, contará a nota obtida na repetición desta. Se esta é de 4.5 ou máis, fará media coa nota da parte aprobada. Se a media é menor que 5 a materia queda sen recuperar. Se é de 5 ou mais queda recuperada.
 - b) No caso de elixir facer un exame final, terá que acadar neste a cualificación de 5 ou mais para poder aprobar.
- Os alumnos que teñan as dúas partes suspensas, farán o exame final, en Maio.

Alumnado de 2º PMAR e 3º PMAR que teña algunha materia do departamento pendente:

Encargarase o profesor do ámbito do presente curso de deseñar un plan específico de recuperación e de realizar as probas que considere oportunas para certificar a consecución dos obxectivos da materia pendente.

O profesor/a informará debidamente ao alumando.

O profesor valorará ao alumnado con materia pendente tendo en conta as necesidades educativas de cada alumno/a de xeito individual.

No presente curso o profesorado encargado do alumnado de PMAR é:

- Alumnado de 2ºPMAR: Yolanda Romalde (Dep. Física e Química)



- Alumnado de 3º PMAR: Javier Gómez (Dep. Matemáticas)

AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS.

Nas primeiras semanas do curso o profesorado realizará unha avaliación inicial para detectar alumnos que amosan deficiencias ou sobredotación na materia. Os mecanismos para levar isto a cabo son: na clase, realización de probas escritas sobre contidos do curso anterior e observación do traballo diario; mediante reunións informativas entre profesorado do curso anterior e do actual, incidindo nos casos mais salientables (e recadando información do Depto. de Orientación e dos anteriores titores); e finalmente poñendo en común todas estas informacións nas propias sesións de avaliación que terán lugar entre principios e mediados de outubro).

Os alumnos ós que se lles detecte algún tipo de dificultade en canto á aprendizaxe, realizarán unha avaliación psicopedagóxica e posteriormente decidirse a conveniencia de aplicar reforzo educativo ou adaptación curricular (ou de continuala, nos que a teñan aínda vixente).

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

As medidas de atención á diversidade, rexeranse polo recollido no Plan de Atención á diversidade do centro e na lexislación vixente, indo sempre do ordinario ao extraordinario e podendo ser modificadas froito da avaliación continuada das mesmas.

Dentro do departamento de Matemáticas facemos as seguintes concrecións:

- Programa de Mellora da Aprendizaxe. Somos responsable do ámbito Científico-Matemático de 3ºESO.
- Reforzos educativos e adaptacións curriculares. Estableceranse os que sexan necesarios partindo da avaliación inicial e a avaliación continua e contando co asesoramento do Departamento de Orientación.
- Apoios por parte do profesorado do departamento e/ou afíns. O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará apoios segundo aparecen na seguinte táboa



Curso e grupo	Número de horas semanais	Profesora de apoio na aula
1º ESO A	1	Vicente Suárez
1º ESO B	1	Vicente Suárez

- Estes apoios desenvolveranse inicialmente dentro da aula ordinaria. Será posible realizalos fóra da aula ordinaria previa valoración en colaboración co Departamento de Orientación.
- Programas específicos personalizados para alumnado repetidor
- Programa de reforzo para alumnado exento da 2ª Lingua Estranxeira (Francés). Desenvólvese en 1º e 2º ESO cunha carga horaria de 1 hora semanal.

A relación de alumnado que é obxecto de medidas de atención á diversidade recollerase nas actas de departamento.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O tratamento da educación en valores maniféstase de dúas formas:

- Mediante a actitude no traballo na clase, na formación dos grupos, nos debates, nas intervencións e directrices do profesor, etc.
- Nos materiais púxose especial coidado en que nin na linguaxe, nin nas imaxes, nin nas situacións de presentación de problemas existan indicios de discriminación por sexo, nivel cultural, relixión, riqueza, aspecto físico, etc.

Ademais desta presentación xeral, algúns temas especialmente implicados nas matemáticas son os seguintes:

- Educación no espírito crítico: fomentárase a análise racional das situacións, o escepticismo ante feitos non claramente probados ou demostrados, e a actitude crítica ante os dogmatismos.
- Educación moral e cívica: calquera actividade na que aparezan diferencias de raza, relixión, etc., poden servir de motivo para fomentar valores de solidariedade, igualdade e cooperación entre os seres humanos.
- Educación do consumidor: algúns textos ocúpanse de contidos tales como proporcionalidade, medida, azar, etc., e axudan a formarse unha actitude crítica ante o consumo. As actividades concretas orientadas a este fin son numerosas.
- Educación para a saúde: ás matemáticas correspóndelles utilizar intencionalmente certos problemas. Por exemplo, cando se dá a cuantificación absoluta e proporcional dos diversos ingredientes dunha



receita, ó indicar a importancia do consumo de fibra para a saúde, os efectos beneficiosos da práctica do deporte ou os riscos dos cambios bruscos de peso nos enfermos de obesidade.

- Educación ambiental: tanto nalgunhas situacións iniciais da unidade, como nas actividades preséntanse e analizan intencionadamente temas vinculados á educación ambiental, como a importancia da reciclaxe para coida-lo medio, a necesidade de evita-la contaminación dos ríos para conserva-la biodiversidade, o problema da seca, etc.
- Educación non sexista: as actividades que se desenvolven en grupo favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes desexables de convivencia e de igualdade entre os sexos.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO ERASMUS "CHALLENGING EXTREMISMS"

No curso 2018/19 o IES Terra de Trasancos comezou a traballar no programa Erasmus "Challenging extremisms" en colaboración con centros de Ferrol, Gales e Polonia. Este programa levarase a cabo en todas as materias impartidas en 2º ESO.

Como consecuencia da participación neste programa, o alumno afectado traballará nos seguintes temas:

- Extremismo positivo e negativo
- Fake news
- Relacións sanas e tóxicas
- Resolución de conflitos
- Educación emocional
- Dereitos da infancia

O Departamento de Matemáticas participará activamente no deseño, planificación e impartición dos anteriores temas, ademais de propoñer lecturas matemáticas relacionadas coa loita contra os extremismos.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

(Ver Plan Lector)

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

(Ver Plan TIC)



ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

(Ver Plan de Convivencia)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

(Ver Plan Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares)

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Análise da práctica docente:

Utilizaremos os seguintes indicadores de logro para a análise da práctica docente:

	SI	NON
• Sobre a planificación		
– Os obxectivos están ben definidos		
– Os contidos están ben organizados		
– É axeitado o tempo asignado ós contidos teóricos		
– É axeitado o tempo asignado ás actividades de natureza práctica		
– O ritmo de traballo é o adecuado ás características do alumnado		
– Acadáronse os obxectivos previstos		
– Tratáronse todos os contidos		
• Sobre os instrumentos e procedementos de avaliación		
– Son obxectivos e xustos		
– Teñen en conta as dificultades inherentes ás características da materia		
– Teñen en conta o esforzo e traballo do alumnado		
– Adecúanse ós estándares avaliábeis		
– As probas escritas foron deseñadas tendo en conta os graos mínimos requiridos de cada estándar		
– Atenden á diversidade		
• Sobre actividades prácticas e exercicios de ensino-aprendizaxe		
– Teñen a duración axeitada		
– O nivel de dificultade é o axeitado ós coñecementos previos do alumnado		
– Proporcionan a posibilidade dunha aprendizaxe significativa.		



- Son motivadoras e procuran conectar cos intereses dos estudantes		
- Facilitan unha aprendizaxe colaborativa		
- Favorecen a implicación do alumno		
- Atenden á diversidade		
• Sobre os materiais empregados		
- Permiten manipulación por parte do alumnado		
- Son accesibles		
- Son suficientes		
- Son atractivos		
- Atenden á diversidade		
• Sobre as medidas de atención á diversidade		
- Fixéronse as ACIs pertinentes		
- Fixéronse os agrupamentos específicos necesarios		
- Deseñáronse actividades específicas como resposta ás necesidades educativas que xurdiron		

	SI	NON
- Ofrecéronse distintos materiais curriculares en beneficio da atención á diversidade		
• Uso das TIC na aula:		
- Foi posible dispoñer da aula de informática coa debida frecuencia		
- Deseñáronse actividades que implicasen o manexo de ferramentas específicas como folla de cálculo e Geogebra		
• Transversalidade e interdisciplinariade		
- Houbo participación con outros departamentos na elaboración de material didáctico, tanto para a nosa área como para outras		
- O tratamento do fomento da lectura recibiu a atención necesaria		
- Procurouse un equilibrio no tratamento de todas as competencias clave		
- Prestouse atención ós temas transversais e á educación en valores		
• Relación coas familias:		
- A comunicación coas familias foi cordial e fluída		
- Percibiuse por parte das familias confianza na labor docente		
- Percibiuse implicación e colaboración por parte das familias no proceso educativo dos seus fillos		
- Usouse a páxina web do centro para facilitar información de interese		

Grao de cumprimento da programación:

Con respecto ao grao de cumprimento da programación, cumprimentaremos o seguinte modelo:

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. CURSO 2018-2019			
Trimestre, curso e grupo	Grao de desenvolvemento acadado na programación:	Alteracións, desfase, incidencias con respecto á	Observacións:



			programación:	
Obxectivos, contidos e criterios de avaliación	Inferior ó previsto			
	Segundo o previsto			
	Superior ó previsto			
U.D. (Distribución temporal de contidos)	Segundo programación			
	Menos			
	Máis			

Metodoloxía				
Aprendizaxes básicas	Nº cualificacións negativas			
	Nº cualificacións. positivas			
Procedementos de avaliación e cualificación	Os establecidos			
	Con modificacións (aclarar):			
Medidas de atención á diversidade (A. C. I.)	A.C.I. significativas			
	A.C.I. non significativas			
Reforzos a alumnos con dificultades de aprendizaxe	Saen a clases de apoio (nº alum.):			
	Obteñen reforzo en aula (nº alum.):			
Plan de lectura	Lect. Oblig.			
	Lect. Volunt. (media grupo)			
Recursos	Manual (libro de texto)			
	Apuntes ditados			
	Fotocopias			
	Vídeos, DVDs, CDs			
	Calculadora. Internet			
Actividades extraescolares				

MECANISMOS DE REVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Esta avaliación poderase facer a título individual, ou consecuencia dun debate de ideas que se leve a cabo nas Reunións de Dpto.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			



Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			



MEMBROS DO DEPARTAMENTO

Na seguinte táboa reflíctense os membros do Departamento, así como as materias que impartirán no presente curso:

Nome	Materias impartidas
Patricia Ferro Jove	Matemáticas 2º ESO B Reforzo de Matemáticas 2º ESO B (1 hora) Matemáticas 3º ESO A Matemáticas 3º ESO B Matemáticas I – 1º BACH
J. Javier Gómez Corral	Ámbito Científico-Matemático 3ºESO PMAR Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO Métodos Estatísticos e Numéricos – 2º BACH Matemáticas Aplicadas ás CCSS II – 2º BACH
Icía Álvarez Rodríguez	Matemáticas 1º ESO A Reforzo de Matemáticas 1º ESO A (1 hora) Matemáticas 1º ESO B Reforzo de Matemáticas 1º ESO B (1 hora) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas 4º ESO A Matemáticas Aplicadas ás CCSS I – 1º BACH
Vicente Suárez Sanjuás	Programación 1º ESO A Programación 1º ESO B Apoio dentro da aula 1º ESO A (1 hora) Apoio dentro da aula 1º ESO B (1 hora) Matemáticas 2º ESO A Reforzo de Matemáticas 2º ESO A (1 hora) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas 4º ESO B Matemáticas II 1º BACH

Asinan a Programación do Departamento de Matemáticas:

Patricia Ferro Jove

J. Javier Gómez Corral

Icía Álvarez Rodríguez

Vicente Suárez Sanjuás